

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria do Colexio SEI San Narciso de Marín para o curso 2024-2025, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no SEI San Narciso, centro concertado situado na localidade de Marín. Trátase de un centro con ideario propio e enmarcado nun nivel socioeconómico medio, co obxectivo continuo de ofrecer un servizo educativo de calidade a partir de metodoloxías actuais. Entre os seus principios, destaca o feito de formar persoas con capacidades afectivas para desenvolverse profesionalmente no mundo socio-laboral, educar en valores co fin de plasmar unha formación realmente integral da persoa e aunar a tradición e a modernidade da práctica educativa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sostenibilidade do mar	Concenciar das consecuencias de non coidar o mar.	40	13	X		
2	Oficios do mar	O alumnado fará un estudo dos oficios máis habituais relacionados co mar na contorna.	30	11		X	
3	Coidamos o noso mar para practicar deportes.	O alumnado fará unha relación das embarcacións e os deportes que se desenvolven nas rías.	30	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sostenibilidade do mar	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Sinalar algúns motivos polos que debemos coidar e non contaminar o mar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coidar os materiais.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Buscar información sobre a contaminación do mar e as súas repercusións.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Participar aportando ideas, de xeito guiado, no proceso de preparación do proxecto e na proposta de actividades.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Anticipar, de xeito guiado nunha posta en común, algún problema que podería xurdir na execución do proxecto e propón algunha posible solución.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar os problemas e pide axuda.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente cunha entoación adecuada e unha pronuncia clara o traballo realizado.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente o traballo cunha postura corporal natural e mirando ao público.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Expoñer as súas ideas de xeito educado, escoitando e respectando as opinións e propostas dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Oficios do mar	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Buscar información necesaria para coñecer os oficios relacionados co mar.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Participar aportando ideas, de xeito guiado, no proceso de seguimento do proxecto e na proposta de actividades.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Participar activamente no proceso de execución do proxecto. e ser responsable cos tempos.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Pensar, reflexionar, facer propostas con axuda e cumprir coas súas responsabilidades no traballo cooperativo.	TI	100
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os materiais con coidado e usa os recursos con responsabilidade.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar os problemas e pide axuda.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente cunha entoación adecuada e unha pronuncia clara o traballo realizado.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente o traballo cunha postura corporal natural e mirando ao público.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Expoñer as súas ideas de xeito educado, escoitando e respectando as opinións e propostas dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Coidamos o noso mar para practicar deportes.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Buscar información sobre certos deportes acuáticos e as súas embarcacións.	TI	100
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Participar aportando ideas, de xeito guiado, no proxecto e na proposta de actividades.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Mostrar capacidades comunicativas e seguridade á hora de expoñer o produto final.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente cunha entoación adecuada e unha pronuncia clara o traballo realizado.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer oralmente o traballo cunha postura corporal natural e mirando ao público.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Expoñer as súas ideas de xeito educado, escoitando e respectando as opinións e propostas dos demais.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos TIC ou elaborados manualmente como apoio da presentación do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe cooperativa, que permita ao alumnado a construción de coñecemento e a adquisición de competencias e de habilidades sociais.

As bases deste obxectivo metodolóxico serán:

- A realización de proxectos significativos que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo. Afondaremos na sostibilidade do medio natural e da nosa contorna, identificando o valor do mar nas nosas vidas e a importancia do seu coidado.
- Actividades que partan da observación e conleven pequenas investigacións e posterior experimentación.
- Tarefas de aprendizaxe integradas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer, actuar e comunicar, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
- Inclusión de todo o alumnado no que todos achegan, comparten, teñen un obxectivo común, que só pode acadarse colaborando conxuntamente, e celebran o conseguido.

O traballo cooperativo implica aprender a planificar, a argumentar, a debater, a decidir, a organizar, actuar,... nun traballo colectivo e cun obxectivo común, pero con responsabilidades individuais.

O papel da mestra será de guía e apoio. Deberá asegurarse de que o grupo estea a traballar en conxunto, escoitar as reflexións do alumnado, actuar como mediador, guía e/ou facilitador do proceso, atender as dúbidas que poidan xurdir no proceso e retroalimentar os grupos de maneira efectiva. A través da aprendizaxe cooperativa non se transmiten contidos, senón que se propicia que o alumnado poida aprender.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: folios, lapis, goma, ceras, cartolinas, pegamento,...
Libros e demais recursos ofertados pola biblioteca de centro
Revistas, xornais, folletos....
Recursos tecnolóxicos: ordenador e pantalla dixital.
Cartelería diversa: debuxos, fotografías, carteis impresos ou de elaboración propia...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para comezar coa elaboración do proxecto competencial deberemos partir necesariamente dos coñecementos previos do noso alumnado.

Para determinar o nivel destes coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas utilizaremos a asemblea e a posta en común sobre os conceptos esenciais do tema a traballar e realizaremos unhas pequenas actividades lúdicas coas que comprobar o desenvolvemento competencial das nenas e nenos.

Esta avaliación inicial terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do proxecto, así como para adoptar as medidas de apoio precisas para o alumnado con necesidades de atención mais específicas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación das temáticas a abordar no proxecto durante o curso escolar, elaboración e exposición do proxecto correspondente ao primeiro trimestre.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición da segunda parte do proxecto correspondente ao segundo trimestre.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición da parte final do proxecto correspondente ao terceiro trimestre. Establecer conclusións finais relacionadas co desenvolvemento do curso escolar, analizando posibles propostas de mellora de cara aos cursos seguintes.



Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos e criterios de avaliación mínimos pautados. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, comportamentos, entre outros.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

## **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### **Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.
- Atenderase a calquer tipo de modificación nas actividades programadas en base aos ritmos da diversidade do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de personal de RECINET.	Explicarán ao alumnado o proceso de transformación de redes usadas en cordas para as bateas...	X		
Visita a unha fábrica conserveira	Visitaremos unha fábrica conserveira para observar o seu traballo.		X	
Exposición do traballo realizado.	Difusión informativa do proxecto.			X
Participación na limpeza dunha praia da contorna.	Presentación do proxecto nas distintas aulas de primaria.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, unha vez ao trimestre. A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das UD siga o calendario previsto.

**9. Outros apartados**